

## Igrexa de Caroi (parroquial de Santiago)



## Descrición

Igrexa de planta de cruz latina cunha interesante lectura volumétrica dende o norte pois cada elemento da planta: nave central, brazos e cabeceira ten unha altura diferente. A fachada principal está orientada cara ao suroeste. Ten espadana de dobre vano e elementos decorativos a ámbolos dous lados. Unha escaleira lateral exenta realizada en pedra dá acceso ao campanario e á cuberta. No interior, capela con bóveda de medio canón máis baixa que a nave, arco triunfal de medio punto sobre pilastras. Nave en catro tramos cuberta con bóveda de medio canón, arcos feixóns sobre pilastras, excepto o primeiro tramo, máis estreito e baixo que os outros, que descansan en ménsulas. Os arcos de acceso son de medio punto, baixan ata a liña de imposta que recorre toda a igrexa. Sancristía á esquerda do altar con bóveda de cruzaría.

Destaca a gran calidade do traballo de cantería de moitos dos enterramentos e dunhas singulares lápidas para nenos preto da cabeceira.

Ao lado da escaleira de acceso ao campanario encóntrase un sartego de adscrición medieval (GA36012083) feito en granito. Mide 2 m. de longo e 0,65 m. de ancho na cabeza e 0,45 m. de ancho nos pés.

## Adscrición cultural

Sen definir

## Tipoloxía

Igrexa

## LOCALIZACIÓN

## Parroquia

Caroi

## Lugar

A Eirexe

## Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 548032 Y: 4704127

## Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.417083 O

Latitude: 42.486083 N

